



BELACOLMEA

Cosmética natural con Mel de Galicia

Benvinda ao universo da apicosmética

Bienvenida al universo de la apicosmética



Belacolmea nace grazas ao traballo da Agrupación Apícola de Galicia e co obxectivo de poñer en valor as potencialidades dos produtos da colmea a través dunha nova liña de cosmética natural con Mel de Galicia IXP, sendo a única marca no mercado que se adica á comercialización de cremas e bálsamos con auténtico Mel de Galicia IXP. A utilización deste compoñente tan nutritivo implica que Belacolmea tamén comparte o seu carácter antiséptico, antioxidante e rexenerador, perfecto para crear unha rutina de beleza diaria completa. Así mesmo, vese beneficiado tamén por outros produtos da colmea e aceites esenciais.

Tras dous anos de estudo, investigación e desenvolvemento coa Universidade de Vigo (Departamento de Física Aplicada, Campus Vigo e Departamento de Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo, Campus Ourense); e grazas á participación

de 60 voluntarios e á financiación con fondos propios da ADERCOU (GDR11), esta liña sae ao mercado coa máxima garantía e innovación.

Belacolmea conta cunha gama de produtos de alta calidade con ingredientes cento por cento naturais, ecolóxicos e sostibles; libres de parabenos e doutras substancias tóxicas. Esta ampla gama de produtos abarca o coidado corporal, a nutrición e a reparación da pel de zonas concretas.

Ademais, resulta apta para todo tipo de cute e está especialmente recomendada para peles sensibles ou con tendencia á deshidratación. A liña idónea para todas as persoas que queiran levar un estilo de vida máis natural en todos os aspectos do seu día a día.



Belacolmea nace gracias al trabajo de la Agrupación Apícola de Galicia y con el objetivo de poner en valor las potencialidades de los productos de la colmena a través de una nueva línea de cosmética natural con Miel de Galicia IGP, siendo la única marca en el mercado que se dedica a la comercialización de cremas y bálsamos con auténtica Miel de Galicia IGP. La utilización de este componente tan nutritivo implica que Belacolmea también comparte su carácter antiséptico, antioxidante y regenerador, perfecto para crear una rutina de belleza diaria completa. Asimismo, también se ve beneficiada por otros productos de la colmena y aceites esenciales.

Tras dos años de estudio, investigación y desarrollo con la Universidad de Vigo (Departamento de Física Aplicada, Campus Vigo y Departamento de Biología Vegetal y Ciencias del Suelo, Campus Ourense); y gracias a la participación de 60 voluntarios y a

la financiación con fondos propios de la ADERCOU (GDR11), esta línea sale al mercado con las máximas garantías e innovación.

Belacolmea cuenta con una gama de productos de alta calidad con ingredientes cien por cien naturales, ecológicos y sostenibles; libres de parabenos y de otras sustancias tóxicas. Esta amplia línea de productos abarca el cuidado corporal, la nutrición y la reparación de la piel en zonas concretas.

Además, resulta apta para todo tipo de cutis y está especialmente recomendada para pieles sensibles o con tendencia a la deshidratación. La línea idónea para todas las personas que quieran llevar un estilo de vida más natural en todos los aspectos de su día a día.





BELACOLMEA

Cosmética natural con Mel de Galicia



Crema Facial Anti-Idade Noite

Crema Facial Anti-Edad Noche



Aplicación

Recoméndase o seu uso como crema de noite, aínda que tamén se pode utilizar durante o día mentres se intente facer unha exposición moderada ao sol.

Crema con acción tensora e reafirmante con Mel de Galicia IXP, rosa mosqueta, aceite de macadamia, coñecido polas súas propiedades antienvellecemento; e aceite de aguacate e cartamo, ambos ricos en vitaminas que lle outorgan cualidades hidratantes, antioxidantes e suavizantes. Ademais, suma os aceites esenciais de incenso, xeranio e pomelo, indicados para a prevención e a redución de engurras e liñas de expresión polo seu carácter astringente reafirmante, cicatrizante, potenciador do sistema inmune e da rexeneración da pel, efectuando á súa vez unha limpeza en profundidade.



Aplicación

Se recomienda su uso como crema de noche, aunque también puede utilizarse durante el día mientras se haga una exposición moderada al sol.

Crema con acción tensora y reafirmante con Miel de Galicia IGP, rosa mosqueta, aceite de macadamia, conocido por sus propiedades antienviejecimiento; aceite de aguacate y cártamo, ambos ricos en vitaminas que les otorgan cualidades hidratantes, antioxidantes y suavizantes. Además, suma los aceites esenciales de incienso, geranio y pomelo, indicados para la prevención y la reducción de arrugas y líneas de expresión por su carácter astringente, reafirmante, cicatrizante, potenciador del sistema inmune y de la regeneración de la piel, efectuando a su vez una limpieza en profundidad.



Ingredientes

50ml

aqua, mel, persea gratissima oil*, macadamia ternifolia seed oil, rosa canina fruit oil*, carthamus tinctorius seed oil*, cetearyl olivate, sorbitan olivate, benzyl alcohol, glycerin, boswellia carterii oil, pelargonium graveolens oil, citrus paradisi m. peel oil, glycine soja oil, xanthan gum, tocopherol, glyceryl stearate, cetearyl alcohol, dehydroacetic acid, limonene**, citronellol**, geraniol**, linalool**, citral**.

* Ingrediente procedente de agricultura ecológica.

** Dáse de forma natural nos aceites esenciais.



Crema Corporal Enriquecida

Crema Corporal Enriquecida

IC [®]	Ingredientes	250ml
	<p>aqua, mel, persea gratissima oil*, prunus amygdalus dulcis oil, butyrospermun parkii butter*, cetearyl olivate, glycerin, benzyl alcohol, cetearyl alcohol, sorbitan olivate, pelargonium graveolens oil, rosmarinus officinalis leaf oil, glycine soja oil, lavandula angustifolia oil*, tocopherol, cetearyl glucoside, xanthan gum, dehydroacetic acid, citral**, linalool**, citronellol**, geraniol**, limonene**.</p> <p>* Ingrediente procedente de agricultura ecolóxica. ** Dáse de forma natural nos aceites esenciais.</p>	



Aplicación

Aconséllase utilizala en todo o corpo a lo menos unha vez ao día, incidindo nas zonas secas ou agretadas.

Proporciona unha hidratación profunda grazas á súa composición a base de Mel de Galicia IXP, aceite de améndoas, aceite de aguacate, manteiga de karité e aceites esenciais de romeu, lavanda e xeranio. Estes activos naturais específicos axudan a calmar, reparar, estimular a circulación e tonificar a pel.



Aplicación

Se aconseja su utilización en todo el cuerpo al menos una vez al día, incidiendo en las zonas secas o agrietadas.

Proporciona una hidratación profunda gracias a su composición a base de Miel de Galicia IGP, aceite de almendras, aceite de aguacate, manteca de karité y aceites esenciales de romero, lavanda y geranio. Estos activos naturales específicos ayudan a calmar, reparar, estimular la circulación y tonificar la piel.

Crema reparadora de mans e unllas

Crema reparadora de
manos y uñas

gal



Aplicación

Recoméndase a súa utilización diaria en mans e cutículas. Estender unha pequena porción de produto mediante suaves movementos circulares. No inverno, utilizar dúas veces ao día.

Proporciona alivio e nutrición intensa da pel seca, sensible e agretada. Xunto cos beneficios do Mel de Galicia IXP incorporamos a esta crema de mans aceite de coco, que nutre a pel en profundidade, aceite de améndoas e manteiga de karité. Inclúe aceite esencial de palmarosa con poder rexenerador e hidratante, o de romeu con propiedades antiinflamatorias e de mellora da circulación, así como aceite esencial de laranxa, o que lle aporta as súas características antienvellecemento, potenciando a formación de coláxeno propiciada polo mel.

esp



Aplicación

Se recomienda su utilización diaria en manos y cutículas. Estender una pequeña cantidad de producto mediante suaves movimientos circulares. En invierno, utilizar dos veces al día.

Proporciona alivio y nutrición intensa para la piel seca, sensible y agrietada. Junto con los beneficios de la Miel de Galicia IGP, incorporamos a esta crema de manos aceite de coco, que nutre la piel en profundidad, aceite de almendras y manteca de karité. Incluye aceite esencial de palmarosa con poder regenerador e hidratante, el de romero con propiedades antiinflamatorias y de mejora de la circulación, así como aceite esencial de naranja, lo que le aporta sus cualidades antienvjecimiento, potenciando la formación de colágeno propiciada por la miel.



IGP	Ingredientes	75ml
	<p>aqua, mel, persea gratissima oil*, prunus amygdalus dulcis oil, butyrospermun parkii butter*, cetearyl olivate, glycerin, benzyl alcohol, cetearyl alcohol, sorbitan olivate, pelargonium graveolens oil, rosmarinus officinalis leaf oil, glycine soja oil, lavandula angustifolia oil*, tocopherol, cetearyl glucoside, xanthan gum, dehydroacetic acid, citral**, linalool**, citronellol**, geraniol**, limonene**.</p> <p>* Ingrediente procedente de agricultura ecolóxica. ** Dáse de forma natural nos aceites esenciais.</p>	



Bálsamo Labial Reparador con Xelea Real

Bálsamo Labial Reparador con Jalea Real



Aplicación

Aplicar o labial pola mañá e pola noite para lograr que os teus beizos teñan un velo protector e hidratante perfecto para calquera estación do ano.



Aplicación

Aplicar el labial por la mañana y por la noche para lograr que los labios tengan un velo protector e hidratante perfecto para cualquier estación del año.

IGP	Ingredientes	6g
butyrospermun parkii butter, prunus amygdalus dulcis oil, cera alba, theobroma cacao seed butter, helianthus annuus seed oil, mel, royal jelly extract, tocopherol, glycine soja oil.		

Este labial está elaborado con Mel de Galicia IXP, xelea real, cera de abella, manteiga de karité, aceite de almendoas, manteiga de cacao e vitamina E. Todos estes ingredientes aportan unha poderosa hidratación e máxima suavidade aos beizos. Ademais, grazas ao mel, a cera e a xelea real este bálsamo labial está indicado para calmar e reparar. Isto, xunto coa nutrición intensa que aportan o aceite de amendoas e o de karité, así como a protección fronte aos axentes externos que proporcionan o cacao e a cera de abella, convérteno nun imprescindible da túa rutina de beleza diaria.

Este labial está elaborado con Miel de Galicia IGP, jalea real, cera de abeja, manteca de karité, aceite de almendras, manteca de cacao y vitamina E. Todos estos ingredientes aportan a los labios una poderosa hidratación y máxima suavidad. Además, gracias a la miel, la cera y la jalea real, este bálsamo labial está indicado para calmar y reparar. Esto, junto con la nutrición intensa que aportan el aceite de almendras y el de karité, así como la protección frente a los agentes externos que proporcionan el cacao y la cera de abeja, lo convierten en un imprescindible de tu rutina de belleza diaria.

Xabón Natural de Mel de Galicia e Própole

Jabón Natural de Miel de Galicia y Propóleo

gal



Aplicación

Indicado para o baño ou o lavado de cara ou mans. Pode utilizarse en todo o corpo deixando a pel hidratada e delicadamente perfumada. Aplicar sobre a pel húmida.

O xabón proporciona un acondicionamento profundo da pel para un tratamento esencial diario aplicándose sobre a pel húmida. Está feito con Mel de Galicia IXP, própole ECO, cera de abella, aceite de coco, aceite de oliva e aceite esencial de lemongrass o cal ten propiedades antisépticas, antimicrobianas e antifúngicas. Aporta un agradable frescor e sensación de limpeza. Constitúe unha base indispensable para a hixiene e o coidado diario da pel, axudando a manter o seu equilibrio.

esp



Aplicación

Indicado para el baño o para el lavado de cara y manos. Puede utilizarse en todo el cuerpo dejando la piel hidratada y delicadamente perfumada. Aplicar sobre la piel húmeda.

El jabón proporciona un acondicionamiento profundo de la piel para un tratamiento esencial diario, aplicándose sobre la piel húmeda. Está hecho con Miel de Galicia IGP, propóleo ECO, cera de abeja, aceite de coco, aceite de oliva y aceite esencial de lemongrass, el cual tiene propiedades antisépticas, antimicrobianas y antifúngicas. Aporta una agradable frescura y sensación de limpieza. Constituye una base indispensable para la higiene y el cuidado diario de la piel, ayudando a mantener su equilibrio.



ICP	Ingredientes	100g
	sodium cocoate, aqua, glycerin, cymbopogon citratus leaf oil, citral, olea europaea fruit oil, cera alba, mel, propolis cera, tocopherol, geraniol, limonene, linalool, citronellol.	



Bálsamo para pés

Bálsamo para pies



Aplicación

Débese aplicar sobre a pel limpa incidindo na zona afectada ata a súa completa absorción.

Nutrición intensa para o coidado dos pés secos e agretados. O poder bactericida e antifúnxico do Mel de Galicia IXP únese á capacidade protectora da pel proporcionada pola cera de abella. Xunto con eles, engade aceite de caléndula e os aceites esenciais de lavanda, coñecido polo seu uso na cura e cicatrización de feridas; árbore de té, con propiedades antibacterianas; e o de camomila con poder calmante e antiinflamatorio. A unión de todos estes ingredientes permite crear un bálsamo reparador cun gran poder nutritivo que consegue mellorar a sequidade e as gretas dos pés cunha sensación de suavidade, calma e benestar, mantendo un maior grao de humectación e saúde da pel.



Aplicación

Debe aplicarse sobre la piel limpia incidiendo en la zona afectada hasta su completa absorción.

Nutrición intensa para el cuidado de los pies secos y agrietados. El poder bactericida y antifúngico de la Miel de Galicia IGP se une a la capacidad protectora de la piel proporcionada por la cera de abeja. Junto a ellas, añade el aceite de caléndula y los aceites esenciales de lavanda, conocido por su uso en la cura y cicatrización de heridas; árbol de té, con propiedades antibacterianas; y el de camomila, con poder calmante y antiinflamatorio. La unión de todos estos ingredientes permite crear un bálsamo reparador con un gran poder nutritivo que consigue mejorar la sequedad y las grietas de los pies, aportando una sensación de suavidad, calma y bienestar. Mantiene un mayor grado de humectación y salud de la piel.

IGP	Ingredientes	6g	30g
glycine soja oil, cera alba, calendula officinalis flower extract*, mel, lavandula angustifolia oil*, anthemis nobilis flower oil, melaleuca alternifolia leaf oil, tocopherol, linalool**, limonene**, geraniol**, coumarin**, citral**.			
* Ingrediente procedente de agricultura ecolóxica.			
** Dáse de forma natural nos aceites esenciais.			

ApiReparador Bálsamo Corporal

ApiReparador Bálsamo Corporal

gal



Aplicación

botar unha fina capa sobre a pel limpa incidindo na zona a tratar ata a súa completa absorción.

Prevén e repara a pel cuarteada, as ampolas e as incómodas rozaduras grazas á súa composición a base de Mel de Galicia IXP e cera de abella, ligados co aceite de améndoas doces, manteiga de cacao e os aceites esenciais de lavanda e de mirra, entre outros. Ambos activos naturais teñen amplo recoñecemento polas súas propiedades anti-sépticas, cicatrizantes, calmantes, dermopurificantes e rexeneradoras.

esp



Aplicación

Extender una fina capa sobre la piel limpia incidendo en la zona a tratar hasta su completa absorción.

Previene y repara la piel cuarteada, las ampollas y las incómodas rozaduras gracias a su composición a base de Miel de Galicia IGP y cera de abeja, aunadas al aceite de almendras dulces, manteca de cacao y a los aceites esenciales de lavanda y de mirra, entre otros. Ambos activos naturales tienen un amplio reconocimiento por sus propiedades anti-sépticas, cicatrizantes, calmantes, dermopurificantes y regeneradoras.



IC [®]	Ingredientes	6g	30g
	<p>prunus amygdalus dulcis oil, cera alba, theobroma cacao seed butter*, mel, lavandula angustifolia oil*, commiphora myrrha oil, pelargonium graveolens oil, styrax tonkinensis resin extract/dypropylene glycol, tocopherol, glycine soja oil, benzyl benzoate**, linalool**, citronello**, geraniol**, limonene**, coumarin**, citral**.</p> <p>* Ingrediente procedente de agricultura ecolóxica. ** Dáse de forma natural nos aceites esenciais.</p>		

ApiDor Bálsamo Corporal

ApiDor Bálsamo Corporal



gal



Aplicación

Utilizar unha pequena cantidade na zona a tratar ata súa completa absorción.

esp




Aplicación

Utilizar una pequeña cantidad en la zona a tratar hasta su completa absorción.

Este bálsamo corporal proporciona un efectivo alivio para dores musculares e articulares. Contén Mel de Galicia IXP, cera de abella, aceite de améndoas doces, manteiga de karité e numerosos aceites esenciais de marcado carácter antiinflamatorio e calmante. Entre eles, destacan o aceite esencial de romeiro, recoñecido polas súas propiedades circulatorias, ademais do de cravo e o de gaulteria, con carácter analxésico e antifloxístico, que penetran inmediatamente na pel proporcionando un efectivo alivio local.

Este bálsamo corporal proporciona un efectivo alivio para los dolores musculares y articulares. Contiene Miel de Galicia IGP, cera de abeja, aceite de almendras dulces, mantea de karité y numerosos aceites esenciales de marcado carácter antiinflamatorio y calmante. Entre ellos destacan el aceite esencial de romero, reconocido por sus propiedades circulatorias, además del de clavo y el de gaulteria, con carácter analgésico y antiinflamatorio, que penetran inmediatamente en la piel proporcionando un efectivo alivio local.

IC [®]	Ingredientes	6g	30g
	<p>prunus amygdalus dulcis oil, butyrospermum parkii butter, cera alba, rosmarinus officinalis leaf oil, mel, mentha piperita oil, eucalyptus globulus leaf oil, eugenia caroyphyllus leaf oil, cinnamomum cassia bark oil, cinnamomum camphora formosana wood oil, gaultheria procumbens leaf oil, glycine soja oil, cedrelopsis grevel bark extract, tocopherol, isoeugenol**, coumarin**, benzyl benzoate**, benzyl alcohol**, geraniol**, eugenol**, limonene**, cinnamal**, linalool**, citral**.</p> <p>* Ingrediente procedente de agricultura ecolóxica. ** Dáse de forma natural nos aceites esenciais.</p>		





www.apicoladegalicia.com

Agrupación Apícola de Galicia

O Pontón, nº 25

32890 Barbadás · Ourense